

Notas sobre algúns nomes de pobos no *Veneranda dies*

Carlo Pulsoni
Università degli Studi di Perugia

Resumo: O artigo trata sobre algúns nomes de pobos que aparecen no *Veneranda dies*, propoñendo algunhas identificacións dos nomes “Dacios” e “Romanos” que ata agora non se tomaran en consideración..

Palabras clave: Dacios; Romanos; Dinamarca; *Veneranda dies*; Imperio bizantino; Roma; Xerusalén.

O capítulo XVII do libro I do *Codex Calixtinus*,¹ tamén coñecido como o sermón *Veneranda dies*, é unha das partes máis extensas e máis orgánicas de

¹ O *Codex Calixtinus* (ou *Liber Sancti Jacobi*) toma o nome da epístola atribuída ao papa Calisto II que abre o manuscrito. Este foi redactado probablemente baixo a supervisión do arcebispo de Santiago, Diego Xelmírez, cara á metade do século XII e responde a un programa preciso de divulgación do culto do apóstolo Santiago e da peregrinación á súa tumba no ámbito da implícita glorificación da sé episcopal compostelá. O *Codex Calixtinus* está composto por cinco libros de diversa extensión: o primeiro, o máis amplo con diferenza, recolle unha serie de textos litúrxicos de procedencia diversa para usar nas vixilias, en cada hora do día e nas festas xacobeas máis importantes, como o 25 de xullo, festa principal do martirio do Apóstolo, e o 30 de decembro, día no que se tería producido a translación do seu corpo ata Galicia. O segundo libro contén o relato de vinte e dous milagres producidos grazas á intercesión de Santiago. A maior parte dos milagres descritos teñen lugar lonxe de Galicia: cinco en Francia, catro en Italia, tres en Alemaña, dous en Grecia e un en Cataluña, segundo un criterio que parece recoller as zonas onde a devoción xacobeas é maior, é dicir Francia, Italia e Alemaña. O terceiro libro está constituído por textos de procedencia diversa, relacionados entre eles pola intención de glorificar a igrexa compostelá e de exaltar a aparición do culto do apóstolo Santiago precisamente en Santiago. É particularmente interesante o relato da translación dos restos do Apóstolo a Galicia e o capítulo que fala da acción taumátúrxica das cunchas que os peregrinos adoitan levar como signo da súa peregrinación. O cuarto libro recolle a “Historia Turpini”, onde se narra unha serie de lendas carolinxias relacionadas co culto de Santiago. Turpino, en calidade de testemuña directa, conta as vicisitudes militares de Carlomagno en España. A relación entre o culto do Apóstolo e a peregrinación compostelá vén dada na introdución do libro, onde se relata o episodio do “soño de Carlomagno”: Santiago aparécelle en soños a Carlomagno para aclararlle o significado da vía láctea. O Apóstolo explicalle que indica a estrada que leva ata o seu sepulcro e que non pode ser percorrida polos seus fieis porque está ocupada polos sarracenos. Invítalo así a entrar en España para libérala. Parece claro o intento de relacionar Santiago con Carlomagno segundo un proceso de autodignificación que ten dous polos: a catedral de Santiago, que se dicía estar fundada polo Emperador mesmo, e os ambientes monásticos cluniacenses particularmente interesados en unir a peregrinación compostelá coa cultura e civilización francesas. Por último, o quinto libro está constituído pola chamada “Guía do peregrino”, unha guía práctica dos itinerarios e das devocións que debe cumprir quen vai en peregrinación a Santiago. Foi incorporada no último posto probablemente polo carácter necesariamente práctico que esixía a súa función. Sobre a homoxeneidade do Códice na súa totalidade cfr. HERWAARDEN, J.V., “L'integrità del testo del *Liber Sancti Jacobi*: vent'anni più tardi”,

todo o volume² e podería, segundo algunhas investigacións recentes, constituír “*il nucleo iniziale, intorno al quale si è andata delineando ed organizzando la complessa struttura del Liber Sancti Jacobi*”.³ No f. 78r o compilador, no apoxeo da exaltación do culto xacobeo, dáunos unha especie de *mapa Mundi* medieval constituído por un longo listado de pobos que se achegan para venerar os restos mortais de Santiago en Galicia.⁴ Leamos o parágrafo: *Illuc populi barbari et domestici cunctorum cosmi climatum adveniunt, scilicet Franci, Normanni, Scoti, Hiri, Galli, Theutonici, Yberi, Wasconi, Baioari, Navarri impii, Bascli, Gotti, Provinciales, Garasqui, Lotharingi, Gauti, Angli, Britones, Cornubienses, Flandri, Frisi, Allobroges, Itali, Apuli, Pictavi, Aquitani, Greci, Armeni, Daci, Noroequi, Russi, Iorianti, Nubiani, Parthi, Romani, Galate, Ephesi, Medi, Tuscani, Kalabriani, Saxones, Siciliani, Asiani, Ponti, Bitiniani, Indiani, Creti, Hierosolimitani, Antiocheni, Galilei, Sardani, Cipriani, Ungari, Bulgari, Ysclavoni, Africani, Perse, Alexandrini, Egiptii, Suriani, Arabes, Colosenses, Mauri, Ethiopes, Philipenses, Capadoci, Corinti, Elamite, Mesopotamiani, Libiani, Cirenenses, Pamphiliani, Ciciliani, Iudei et cetera gentes innumerabiles.*

Como observaron acertadamente Moralejo-Torres-Feo trátase dun listado que corresponde “*en gran parte a la realidad de las peregrinaciones medievales; pero parece también bastante retórica. Hay en ella pueblos antiguos que en la Edad Media ya no existían, por lo menos con tales nombres; otros que debían ser infieles; varios que parecen reflejos de las Epístolas de San Pablo, y nombres de mayor alcance geográfico que comprendían otros referentes a ciudades o países menores. En general son fácilmente identificables, aunque no faltan algunos raros y difíciles de identificar*”.⁵

Ao analizarmos a devandita lista cómpre recordar que nomes e referencias de pobos “*appartengono alla mera etnografia. Sono dati che di per sé non puntano alla futura «nazio-*

en *Atti del Convegno internazionale di studi Santiago e l'Italia*, Perugia, 23-26 maio de 2002, Pomigliano d'Arco, Edizioni Compostellane, 2005, p. 271-87; anteriormente cómpre recordar o volume de MOISAN, A., *Le livre de Saint Jacques ou Codex Calixtinus de Compostelle*, Xenebra, Slatkine, 1992.

2 Ff. 74r-93v. Cito o texto do *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, edición de HERBERS, K. e SANTOS NOIA, M., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001.

3 CAUCCI VON SAUCKEN, J., *Il sermone Veneranda Dies del Liber Sancti Jacobi. Senso e valore del pellegrinaggio compostellano*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001, p. 62. A hipótese foi avanzada anteriormente por DÍAZ Y DÍAZ, M., *El Códice Calixtino de la catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988, p. 49, n. 68. Engade novos elementos a esta reconstrución CAUCCI VON SAUCKEN, P., “Culto y cultura de la peregrinación a Santiago de Compostela”, en *Visitandum est. Santos y Cultos en el Codex Calixtinus*, *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Xacobeos* (Santiago de Compostela, 16-19 de setembro 2004), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2005, p. 91-106, p. 93-94. Segundo HERBERS, K., *Der Jakobsweg. Mit einem mittelalterlichen Pilgerführer unterwegs nach Santiago de Compostela*, Tübingen, Gunter Narr Verlag, 1986, p. 57, o sermón *Veneranda dies* sería obra do mesmo autor do libro V do *Codex*.

4 Para unha aproximación á xeografía medieval, cfr. o excelente traballo de BURGIO, E., “In partibus aquilonis. Coordinate etnografiche-simboliche di un lemma nella mappa medievale del mondo”, en *Critica del testo*, I (1998), p. 809-69. Unha descrición das pregrinaxes dende os diversos países europeos a Santiago en SINGUL, F., “L'Europa in cammino alla volta di Compostella”, en *Il Cammino di Santiago. Cultura e pensiero*, cap. VI, Roma, Carocci, 2007, p. 199-219.

5 MORALEJO-TORRES-FEO, *Liber Sancti Jacobi. “Codex Calixtinus”*, tradución de Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. (reedición de Carro Otero X., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998), p. 198-99. Cfr. tamén HERBERS, K., *Der Jakobsweg*, op. cit., p. 61, n. 12: “*Die Aufzählung, die kaum noch adäquat mit heutigen Völkernamen wiedergegeben werden kann, basiert sicher auf der Kenntnis klassischer Autoren und darf nicht wörtlich genommen werden*”.

ne»: non quelli, positivi, controllabili (diritto, istituzioni, lingua religione, territorio), a causa di mancate coincidenze, di notori sconfinamenti e sovrapposizioni, non quelli, meno positivamente controllabili, come atteggiamenti, mentalità (o «utensilerie mentali»), e diverse, più o meno sondabili (o sondaggiabili) «volontà generali».⁶

A orde de aparición das etnias que peregrinaban a Santiago, se obviamos algunhas xustaposicións debidas á contigüidade xeográfica, non parece unívoca, aínda que non se pode desbotar que os “Franci” sexan nomeados no primeiro lugar porque Francia non só é o escenario do maior número de milagres descritos no libro II do *Codex* –signo evidente dunha forte devoción xacobeá–,⁷ senón que é tamén o lugar de onde parten os catro camiños de peregrinación citados no libro V do mesmo volume⁸. Os xudeus en cambio serían mencionados no último lugar xa que foran os responsables da morte de Cristo e de Santiago mesmo⁹.

Empecemos polo nome “Daci”: este termo foi traducido como “os dacios” por Moralejo-Torres-Feo e como “Daci” por Caucci e logo por Berardi, sen ningunha nota de comentario.¹⁰ Pero de onde viñan os dacios? Se, de feito, por unha parte o nome de Dacia “*si applicava in origine a una regione dell’Europa dell’Est anticamente abitata dai daci, compresa tra il Tibisco, i Carpazi, il Danubio e il Prut; in seguito, il nome Dacia ripensis o mediterranea (con capitale Sardica - Sofia) passò a designare una porzione della Mesia; in Oddone di Deuil il toponimo indica i territori sub-danubiani della provincia bulgara, controllata dai bizantini*”,¹¹ por outra parte co mesmo nome definíase a zona correspondente á actual Dinamarca: “*Danimarca si diffonde per mediazione tedesca: confine / marca carolingia, verso / contro i Danesi, ma dena mearc appare anche nelle aggiunte alla versione alfrediana di Orosio e una iscrizione runica del X secolo porta tanmark, mentre in mediolatino, dal solo etnico, fu coniato, con scambio culto di pseudosuffisso, Dacia*”.¹² Non é casualidade que Dudón de San Quintín no *De moribus et actis primorum Normanniae ducum* describa tanto a etnoxénese dos dacios (“*Igitur Daci nuncupantur a suis Danai, vel Dani, glorianturque se ex Antenore progenitos*”),¹³ como o seu idioma (“*dacica lingua*”), é dicir, o danés.¹⁴

6 BRACCINI, B., “Selezioni ed emergenza dei nomi di nazioni europee: uno sguardo sul laboratorio medievale”, en *Studi in memoria di Giulia Caterina Mastrelli Anzilotti*, Florencia, Istituto di studi per l’Alto Adige, 2001, p. 39-70, p. 39-40. Cfr. tamén POHL, W., *Le origini etniche dell’Europa. Barbari e romani tra antichità e medioevo*, Roma, Viella, 2000, p. 77-99.

7 CAUCCI VON SAUCKEN, P., *Guida del pellegrino di Santiago. Libro quinto del Codex Calixtinus, secolo XII*, Milán, Jaca book, 2002, p. 53.

8 F. 192r.

9 Cfr. a “Magna passio Sancti Jacobi” do capítulo IX do libro I, ff. 48r-53r.

10 MORALESJO-TORRES-FEO, *Liber Sancti Jacobi*, op. cit., p. 199; CAUCCI, *Il sermone*, op. cit., p. 140; *Il codice callistino. Prima edizione integrale del Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus (sec. XII)*, tradución e introdución de Berardi, V. M., Presentación de Caucci von Saucken, P., Pomigliano d’Arco, Edizioni Compostellane, 2008, p. 214.

11 BARBIERI, A.-BURGIO, E., “Indice dei luoghi”, en *Crociate. Testi storici e poetici*, a cargo de Zaganelli, G., Milán, Mondadori, 2004, p. 1889 e ss. Cfr. tamén Anónimo do século IV: *Descrizione del mondo e delle sue genti*, introdución e notas de Livadiotti, U., tradución de Di Branco, M., Roma, Salerno editrice, p. 80 e 102-3.

12 BRACCINI, *Selezione ed emergenza*, op. cit., p. 58.

13 Cfr. PARADISI, G., *Etnogenesi e leggenda troiana nei primi storiografi normanni*, en *L’antichità nella cultura europea del medioevo*, Padua, 27 setembro-1 outubro 1997, Greifswald, Reineke, 1998, p. 59-68.

14 BRACCINI, *Selezione ed emergenza*, op. cit., p. 63: “*La scelta del glottonimo poté essere dettata dal fatto che la Dacia, il regnum Danorum, era allora, sotto Canuto il Grande, re anche di Inghilterra e di Norvegia, all’apice della potenza. Non importa se dagli eventi riferiti sono trascorsi circa settanta anni, da quando cioè il duca Guglielmo*

Queda por determinar a que poboación se refire o redactor do *Veneranda dies* cos “Daci”. Sen a pretensión de achegar solucións incontestables, non se pode excluír que por este nome se puidese entender as xentes procedentes de Dinamarca. Parece confirmalo o capítulo XVIII do libro IV do *Codex*, f. 177v, onde Carlomagno, cando fai a división das terras conquistadas en España, as concede en caso de dobre división a pobos normalmente limítrofes: “*His itaque gestis terras et provincias Hyspaniae pugnantoribus et gentibus suis, illis scilicet qui in patria illa manere volebant, Karolus divisit. Terram Navarrorum et Basclorum Brittanis, et terram Castellanorum Francis, et terram Nagere et Cesarauguste Grecis et Apulis qui in nostro exercitu erant, et terram Aragonis Pictavis, et terram Alandalufi iuxta maritima Theutonicis, et terram Portugalorum Dacis et Flandris dedit. Terram Gallecie Franci inhabitare noluerunt, quoniam aspera illis videbatur*”.

Entre as parellas de pobos que reciben a mesma terra encontramos os “Grecis et Apulis” e os “Dacis et Flandris”. Parece obvio que a contigüidade no segundo caso pode existir só se consideramos que os “Daci” son os daneses, dende o momento en que “Flandris” se corresponde cos habitantes da rexión que se estende ao longo do Mar do Norte dende Schelda ata Artois. Como confirmación desta identificación, pódese observar, por unha parte, que no *Veneranda dies* atopamos a sucesión “Daci, Noroequi”, ditada probablemente tamén neste caso pola proximidade xeográfica,¹⁵ por outra parte, que as peregrinacións dende Dinamarca nesa época están amplamente demostradas, ata o punto de que na súa importante monografía *Dinamarca jacobea* Almazán rebautizou o chamado “*camino Hærvej*” como “*camino de Santiago por la cantidad de peregrinos de Dinamarca, Islandia y Noruega que por aquí pasaron en camino hacia Santiago de Compostela*”.¹⁶

Abordaremos agora o nome “Romani”. Quizais porque aparecía xunto aos “Parthi”,¹⁷ foi traducido por “Rumanos” por Moralejo-Torres-Feo e por “Rumeni” por Caucci e Berardi.¹⁸ En realidade, a devandita proposta non parece satisfactoria; non tanto porque os Dacios –no remoto caso en que correspondesen aos habitantes da Dacia oriental¹⁹– fosen citados pouco antes (no mesmo texto hai outras repeti-

Lungaspada, nell'affidare al segretario Botone l'educazione del figlio Riccardo, ne fissa la sede piuttosto che nella capitale Rouen nella più decentrata Bayeux, dove la lingua avita dei Vichinghi (qui dacigene) era tuttora maggioritaria (“...Rothomagensis civitas romana potius quam dacica utitur eloquentia, et Baiocacensis fruitur frequentius dacica lingua quam romana, volo tua custodia educetur cum magna diligentia, fervens loquacitate dacica, ut queat sermocinari...contra dacigenas”).

15 Os dous territorios están xustapostos tamén no *De animalibus libri XXVI* de Alberto Magno: “*super Oceanum aquilonarem in Dacia et Norwegya sunt fere omnes albi*” (cito a pasaxe de DE ANNA, L.G., *Il mito del Nord: tradizioni classiche e medievali*, Nápoles, Liguori, 1994, p. 32).

16 ALMAZÁN, V., *Dinamarca jacobea*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001, p. 35. Cfr. e tamén *idem*, “Tres insignes noruegos en las costas gallegas (1013-1152)”, en *Actas del II Congreso internacional de estudios jacobeos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1999, vol. II, p. 15-24.

17 MORALEJO-TORRES-FEO, *Liber Sancti Jacobi*, op. cit., p. 199: “los Partos”; CAUCCI, *Il sermone*, op. cit., p. 140: “Parti”. BERARDI, *Il codice callistino*, op. cit., p. 214: “Parti”.

18 MORALEJO-TORRES-FEO, *Liber Sancti Jacobi*, op. cit., p. 199; CAUCCI, *Il sermone*, op. cit., p. 140; BERARDI, *Il codice callistino*, op. cit., p. 214.

19 Cfr. *supra*.

cións ou polo menos indicacións de grupos xa incluídos en categorías máis amplas, como os “Itali”, os “Tuscani”, etc.), senón porque na época os romaneses defínense como os “Valachi”, e nunca como “Romani”. De feito o termo “romanus”, aínda que evolucionou na latinidade danubiana na forma que despois daría os nomes “rumân, român”, non está documentado con seguridade como un nome étnico antes do século XVI, mentres que as crónicas bizantinas, as maxiases e, máis tarde, as occidentais dos humanistas e viaxeiros italianos falan sempre ou só de “Valacchi”, nome asignado aos Romeni polos pobos veciños (a forma exacta do nome varía segundo a orixe das fontes).²⁰ Segundo Renzi, a primeira documentación de “romanés”, como identificativo da etnia e da lingua, atopámola no diario da Transilvania de Francesco Della Valle, secretario de Alvise Gritti, fillo natural do *dogo* Andrea (1532-34). Para encontrar un segundo documento cómpre esperar ao veneciano Francesco Greselini (1780).²¹

Polo nome “Romani” do *Veneranda dies* debemos entender, xa que logo, os habitantes das rexións comprendidas no imperio bizantino, como se ve nos escritores mediolatinos e vulgares das cruzadas e da literatura contemporánea.²² Na lírica provenzal, por exemplo, con *Romania* faise alusión constantemente ás terras dominadas por Constantinopla. Neste sentido é paradigmática a I epístola métrica do trobador Raimbaut de Vaqueiras²³, onde se fai referencia ao destronamento do emperador Aleixo III polos Cruzados:

20 A longa e complexa historia de “valacco”, que orixinariamente designaba as poboacións célticas, é resumida en TAGLIAVINI, C., *Le origini delle lingue neolatine*, Boloña, Patron, 1972, 6.a ed., p. 163, nota 13.

21 RENZI, L., “Ancora sugli Umanisti italiani e la lingua rumena”, *Romanische Forschungen*, 112, 1 (2000), p. 1-38, p. 5-6 e 23 nota 41. Cfr. Tamén ARMBRUSTER, A., *La romanité des Roumains. Histoire d'une idée*, Bucarest, Editura Academiei Republicii Socialiste Romania, 1977 (1ª ed. en romanés, 1971, que reúne entre outros os traballos anteriores); posteriormente, NICULESCU, A., “Les découvertes de la ‘Dacia romana’ des Roumains”, en *Trovatori, Canzoni di gesta, storia delle idee ed altro*, “Quaderni di filologia romanza della Facoltà di Lettere e Filosofia dell'Università di Bologna”, 7, Boloña, Patron, 1990, p. 91-115; VALMARIN, L., “La guerra del ru- e del ro-”, en *Miscellanea di studi in onore di Aurelio Roncaglia a cinquant'anni dalla sua laurea*, Modena, Mucchi, 1989, p. 1385-1409, p. 1387-88. Véxase tamén THIESSE, A. M., *La creazione delle identità nazionali in Europa*, Boloña, Il Mulino, 2001, p. 89-94.

22 Cfr. BARBIERI-BURGIO, *Indice dei luoghi*, op. cit., p. 1913: “România (lt. Romania, afr. Romanie), lemma che nel Medioevo copre realtà geografiche diverse. In generale designa le regioni dell'Impero bizantino (in Oddone di Deuil, in particolare, il territorio europeo corrispondente, grosso modo, alla Rumelia); nelle Gesta, con la sola eccezione del cap. 16, sono chiamate ‘Romania’ le antiche province romane dell'Asia Minore nelle quali dopo il 1081 i Turchi selgiuchidi avevano stabilito il sultanato di Rüm. Dopo la conquista di Costantinopoli da parte dei crociati franco-veneziani (1204), il toponimo servì a designare, anche nei documenti ufficiali, l'Impero latino di Oriente”. Os Bizantinos “romanos”, en realidade os gregos, non querían “essere chiamati Elleni dato che quel nome era diventato un sinonimo di pagani” (POHL, *Le origini etniche*, op. cit., p. 80). Cómpre recordar neste sentido, como me suxire Erminia Irace, a quen aquí llo agradezo, o informe detallado da segunda misión a Constantinopla de Liutprando de Cremona no ano 968 (*Relatio de legatione constantinopolitana*) co famoso relato en que os romanos “auténticos”, é dicir, bizantinos, se contraponen orgullosamente aos romanos “falsos”: “Vos non Romani, sed Langobardi estis!” (CREMONENSIS, L., *Opera omnia*, edición e estudo a cargo de Chiesa, P., Turnholt, Brepols 1998, p. 192). O problema nace, como é sabido, do dereito de reivindicar, despois da duplicación do título imperial, “a especificación ‘Romanorum’, que para os Bizantini era irrenunciabile” (GANDINO, G., *Il vocabolario politico e sociale di Liutprando di Cremona*, Roma, Istituto storico italiano per il medioevo, 1995, p. 42). Un reflexo destas diatribas está no diálogo entre Baudolino e Niceta Coniate na novela *Baudolino* de Umberto Eco: “Bene, lì una volta c'erano i romani, quelli di Roma, quelli che parlavano latino, non i romani che adesso dite di essere voi che parlate greco, e che noi chiamiamo romei, o greculi, se mi scusi la parola” (cita tomada da edición dos Tascabili Bompiani, Milán, 2006, p. 34).

23 V. 36-38.

*“Et encaussei ab vos a Filopat
l’emperador, qu’avetz dezeretat,
de Romania, e l’autre coronat”*²⁴

Non se trata en cambio da única explicación posible para “Romani”; de feito, podemos supoñer que con tal voz se estean denominando os habitantes da cidade de Roma, baseándonos no que aparece no capítulo XXI do libro IV do *Codex*, f. 185v: “*Constantinus prefectus apud urbem Romam per mare delatus, cum aliis multis Romanis et Apulis sepelitur*”.²⁵

Como confirmación disto pódese engadir que a sucesión “*Romani, Galate, Ephesi*” transmitida polo *Veneranda dies* corresponde aos pobos destinatarios das epístolas de San Paulo, sen esquecer que os “Parthi” e os “Medi”, que delimitan tal secuencia, aparecen citados no relato da Pentecoste, onde aparecen tamén os “Romani”: “*Stupebant autem omnes, et mirabantur, dicentes: Nonne ecce omnes isti, qui loquuntur, Galilaei sunt, et quomodo nos audivimus unusquisque linguam nostram, in qua nati sumus? Parthi, et Medi, et Aelamitae, et qui habitant Mesopotamiam, Iudaeam, et Cappadociam, Pontum, et Asiam, Phrygiam, et Pamphylia, Aegyptum, et partes Libyae, quae est circa Cyrenen, et advenae Romani, Iudaei quoque, et Proselyti, Cretes, et Arabes: audivimus eos loquentes nostris linguis magnalia Dei*”²⁶.

En tal caso esta mención dos “Romani”, xunto á dos habitantes de Xerusalén (“Hierosolimitani”) e de Efeso (“Ephesi”), podería aludir ao papel dunha mesma dignidade que o autor do sermón lle confire a Santiago, facéndoa meta das viaxes incluso por parte dos pobos residentes nos outros lugares sagrados por antonomasia da Idade Media. De feito, á luz do capítulo XIX do xa citado libro IV do *Codex*, ff. 177v-178r, Santiago resulta ser a segunda sé apostólica máis importante do orbe cristián, só precedida por Roma e seguida por Efeso: “*Et constituitur die illo ut illa ecclesia amplius vocitetur Sedes Apostolica, eo quod ibi apostolus Iacobus requiescat, et in ea episcoporum totius Hispaniae crebro concilia teneantur, et virge episcopales et regales corone per manus episcopi eiusdem urbis ad decus apostoli Domini prebeantur (...). Tres apostolicas sedes principales pre omnibus sedibus in orbe merito religio christiana venerari precipue consuevit, romanam scilicet, gallicianam et ephesianam. Sicut enim tres apostolos, Petrum videlicet et Iacobum et Iohannem, pre omnibus apostolis Dominus instituit, quibus sua secreta ceteris plenius, ut in evangeliiis patet, revelavit, sic per eos tres has sedes pre omnibus cosmi sedibus reverenda constituit. Et merito he sedes dicuntur principales, quia sicut hi tres apostoli dignitatis gratia*

24 LINSKILL, J., *The poems of the troubadour Raimbaut de Vaqueiras*, A Haia, 1964, p. 303-04. Cfr. as outras documentacións do topónimo en CHAMBERS, F. M., *Proper names in the lyrics of the troubadours*, Chapel Hill, The University of North Carolina press, 1971, p. 233.

25 Cómpre ter en conta ademais que dende o século IX “*romanus*, nun proceso inverso a *theutiscus*, recibiu unha connotación étnica (*romana natio* secondo vari testi mediolatinii)” (BRACCINI, M., “Vulgarica romanorum lingua: spetta al «romanesco» il primato della più antica menzione di un volgare romanzo?”, *Poliorama*, IV (1985), p. 218-40, p. 221).

26 *Actus apostolorum*, II, 7-11.

ceteros precesserunt apostolos, sic loca illa sacrosancta in quibus predicaverunt et sepulti fuere, dignitatis excellentia omnes totius orbis sedes iure precedere debent. Iure Roma sedes apostolica prima ponitur, quia eam princeps apostolorum Petrus predicatione sua et proprio sanguine et sepultura dedicavit. Compostella namque sedes secunda merito dicitur, quia beatus Iacobus qui inter ceteros apostolos precipua dignitate et honore et honestate maior post beatum Petrum extitit, et in celis primatum super illos tenet, primus martirio laureatus eam sua predicatione olim munivit, sepultura sua sacratissima consecravit, et miraculis adhuc perlustrat, et indeficientibus beneficiis indesinenter ditare non cessat. Tercia sedes rite Ephesus dicitur, quia beatus Iohannes evangelista in ea evangelium suum, scilicet: In principio erat Verbum, eructavit, coadunato episcoporum concilio quos ipse per urbes disposuerat, quos etiam in Apochalipsi sua angelos vocat, eamque suis predicationibus et miraculis et basilica, quam in ea edificavit, immo propria sepultura eam consecravit. Si ergo aliqua iudicia aut divina aut humana in aliis sedibus orbis sua gravitate discerni forte nequeunt, in his tribus sedibus tractari et diffiniri legitime et iuste debent. Itaque Gallecia in primis temporibus a Sarracenis expedita virtute Dei et beati Iacobi et auxilio Karoli constat honesta usque in hodiernum diem in fide orthodoxa”.

Se con relación a Roma o *Codex Calixtinus* manifesta unha especie de subalternidade, debida evidentemente á autoridade papal,²⁷ en relación con Xerusalén a postura que transcende do Códice parece completamente distinta: en tres milagres (VII, VIII e X), Santiago intervéñ para salvar aos peregrinos que regresan de Xerusalén, a cidade santa por antonomasia, ata o punto de que os peregrinos senten a obriga de achegarse *ad limina Iacobi*. Estes son os parágrafos correspondentes:

*“Anno Dominice incarnationis millesimo centesimo primo, cum quidam nauta, nomine Frisonus, quandam plenam navim peregrinorum ad Dominicum sepulcrum in Iherosolimitanis partibus causa oracionis ire cupiens per mare navigando duceret, venit contra eum causa pugnandi quidam Sarracenus, nomine Avitus Maimon, volens omnes peregrinos secum in terra Moabitarum ducere captivos (...). Ilico beatus apostolus illi in maris profundo apparuit, et per manum illum arripiens navi incolumem restituit (...). Statimque Dei virtute et beati Iacobi subsidiis Sarracenorum navis valida tempestate cepit periclitari, et pupis Christianorum, beato Iacobo divinitus ducente, ad obtatum locum pervenit; et Frisonus, visitato Dominico sepulcro, in eodem anno beatum Iacobum in Gallecia adiit”*²⁸.

27 Non se pode esquecer que a tentativa de “emancipación” de Roma por parte de Diego Peláez nas últimas décadas do século XI rematou, despois de escuras vicisitudes políticas, coa deposición do prelado (Concilio de Husillos de 1088). Sobre a complexa relación entre Roma e Santiago, véxase HERBERS, K., “Il papato e Santiago-Santiago e il papato”, en *Atti del Convegno internazionale di studi Santiago e l'Italia*, op. cit., p. 259-76. O autor sostén que a idea “delle tre sedi aveva senz'altro una forza dirompente e una chiara accentuazione anti-romana. (...) Considerando il fatto che Roma basava la propria posizione di preminenza sulla predicatione di San Paolo a Roma non è sorprendente che i papi come Gregorio VII mettersero in dubbio un'attività di San Giacomo come predicatore in Spagna. Per un papa della riforma della Chiesa questo era un punto su cui basare il contrasto tra Roma e Santiago” (p. 266-67). Do mesmo autor, véxase o importante volume *Política y veneración de los santos en la península ibérica. Desarrollo del “Santiago político”*, Pontevedra, Fundación cultural rutas del románico, 2001, p. 44-47 e 99-100; Idem, *Patriotische Heilige in Spanien vom 8-10 Jahrhundert*, in *Patriotische Heilige. Beiträge zur Konstruktion religiöser und politischer identitäten in der Vormoderne*, Stuttgart 2007, pp. 67-85.

28 Milagre VII, folio 146rv.

*“Anno incarnationis Dominice millesimo centesimo secundo, cum quidam antistes a Iherosolimis rediens in navi sedens iuxta bordum, psalterio aperto, psalleret, veniens quedam maris unda valida rapuit illum cum quibusdam aliis in mari. Qui cum a navi fere LX cubitis super undam fluctuantes iam distarent, et beatum Iacobum viva voce invocarent, protinus beatus apostolus illis adfuit (...). Postea vero venerandus ille antistes Domini, a marinis periculis beati Iacobi auxiliis ereptus, gloriosissimum apostolum in oris Gallecie adiit”*²⁹.

Só no caso do Milagre X non se fai referencia, supoño que por puro esquecemento, a unha peregrinación a Santiago da persoa que experimenta o milagre:

*“Anno incarnationis Dominice millesimo centesimo quarto, dum peregrinus quidam a Iherosolimis rediens causa digerendi super navis bordum sederet, de navi cecidit in magno pelago maris. Cui beatum Iacobum altis sonis imploranti quidam alius socius scilicet ipsius de navi clipeum suum illi in mari eiecit dicens: Gloriosissimus apostolus Iacobus, cuius subsidium invocas, auxilietur tibi. At ipse, clipeo accepto, beato Iacobo divinitus ducente, per maris undas tribus diebus totidemque noctibus natans, navis vestigia secutus, ad optatum portum cum aliis incolumis venit, et quemadmodum beatus Iacobus ab hora qua illum invocavit ante illum per capitis verticem iugiter manu tenens perrexerat, cunctis enarravit (...)”*³⁰.

Aínda é mais interesante o caso do milagre IX, onde un cabaleiro de paso por Xerusalén fai o voto de achegarse a Santiago se o santo o axuda na loita contra os inimigos sarracenos:

“Anno incarnationis Dominice millesimo centesimo tertio, quidam inclitus genere Francorum miles nobilissimus apud Thabariam in Iherosolimitanis oris, si sibi apostolus Iacobus vim Turcos vincendi et destruendi in bello daret, ad eius limina ire vovit. Cui tantam potestatem, Deo donante, apostolus contulit, quod omnes Sarracenos qui cum illo decertabant, devicit. Sed quia omnis homo mendax dicitur: Quod apostolo voverat, idem miles oblivioni traditur. Quapropter usque ad mortem merito infirmatur. Illo itaque propter nimiam infirmitatem loqui nequeunte, beatus Iacobus illius scutigero in extasi apparuit, dicens, ut si perficeret dominus suus, quod pollicitus apostolo fuerat, statim remedium haberet. Quod miles, scutigero narrante, cognovit; mox ut sibi baculum peregrinationis et peram benedictam darent sacerdotibus, qui ibi aderant, manu innuit. Quibus acceptis, ab infirmitate qua tenebatur evasit, et ad beatum Iacobum ilico, sumptis sibi necessariis, ire cepit. Qui cum esset in navi, seivissima tempestate cepit pupis periclitari, ita ut iam maris fluctibus irrentibus, omnes qui in navi erant penitus mergerentur. Protinus peregrini omnes una voce exclamantes: Sancte Iacobe, adiuva nos; promiserunt alii se ad eius limina ituros, alii singulos nummos ad opus eiusdem basilice voverunt. Quos videlicet nummos ilico prefatus miles collegit, et statim beatus apostolus in humana forma illis angustiantibus apparuit in navi, dicens: Nolite timere, filioli mei, quia ecce adsum quem vocatis. Estote confidentes in Christo, et veniet vobis salus hic et in futuro. Et statim vele cordas idem inclinavit, anchoras emisit, ratem pacificavit, et tempestati imperavit, et, facta ilico in mari magna tranquillitate, apostolus disparuit. Habebat vero ipse talem faciem; decentem scilicet ac elegantem, qualem nemo illorum ante et post videre usus

29 Milagre VIII, folios 146v y 147r.

30 Milagre X, folio 147v.

*est. A domino factum est istut et est mirabilis in oculis nostris (...). Postea vero tranquillo cursu ad optatum portum, in Apullia scilicet, navis cum peregrinis pervenit. Denique miles prefatus usque ad beati Iacobi basilicam in Gallecie partibus, letus cum aliis peregrinis pervenit, et nummorum collectam, quam sibi acceperat, in arca beati Iacobi ad opus ecclesie misit*³¹.

Parece evidente que estes textos, cuxas narracións milagrosas están datadas entre o ano 1101 e o 1104, é dicir “*muy poco después de 1099, en que tiene lugar la conquista de Jerusalén*”,³² denotan unha rivalidade entre Santiago e Xerusalén. Considerando que esta última peregrinación se facía preferentemente por mar “*la única posibilidad para Santiago era demostrar las fuerzas y la ayuda del Apóstol por mar y por tierra. Así se formaron ya ligeramente, bajo el patrocinio de Santiago, los albores de una espiritualidad jacobea de la peregrinación marítima*”³³.

No contexto definido ata agora, se a hipótese de identificación do nome “Romani” cos habitantes da cidade de Roma se demostrase fundada, confirmaríase o papel fortemente ideolóxico e político desenvolvido polo *Codex Calixtinus* na promoción da sé compostelá. Non por casualidade Díaz y Díaz apunta que en xeral “*las fuentes jacobeeas procuran por todos los medios demostrar a propios y extraños que la peregrinación a Santiago es la más completa, la menos arriesgada, la mejor fundada, la que realmente merece la pena para los hombres de cualquier tiempo*”.³⁴ E polo demais non se podía considerar doutro xeito que Santiago se revelase, come recorda o *Veneranda dies*, capaz de facer milagres en toda a terra: “*Coruscat etiam magnus Iacobus in Gallecia divinis miraculis; coruscat et in aliis locis si petencium fides exigit. Magna quidem et ineffabilia non solum occulte, verum etiam manifeste facit signa in universa terra*”³⁵.

Data de recepción: 13-XI-2008

Data de aceptación: 27-II-2009

31 Milagre IX, folio 147rv.

32 HERBERS, K., “Cruzada y peregrinación. Viajes marítimos, guerra santa y devoción”, en *Actas del II Congreso internacional de estudios jacobeeos*, op. cit., p. 27-39, p. 37.

33 *Ibidem*, p. 38.

34 DÍAZ Y DÍAZ, M.C., “Las tres grandes peregrinaciones vistas desde Santiago”, en *Santiago, Roma, Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeeos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1999, p. 81-97, p. 97. Do mesmo autor, véxase tamén “Santos en los Caminos”, en *Visitandum est*, op. cit., p. 117-28, p. 127.

35 F. 79r.